

# PERSEGUIDA POLO DEMO

Atopeime nun pequeno camiño, moi escuro. Estaba confusa e desorientada, apenas podía moverme con xeito e non vía case nada. Avanzaba como ben podía por aquel sitio, apalpando as paredes, mentres sentía o tacto da fría pedra.

De súpeto, un pequeno raio de luz pasoume por diante, deixándome abraiada. Observei un pequeno punto que iluminaba o final do camiño, e avancei aínda máis á présa que antes, intentando chegar, cando algo, unha man fría como o xeo, tocou o meu brazo. Din volta, pero tiña a vista cansada, polo que non puider ver completamente ben o rostro da persoa que estaba diante de min, que parecía mirarme con ollos suplicantes. De repente, aquela imaxe transformouse nun horror, e aquela persoa, que agora se vía claramente que era unha rapaza, pasou a ser un monstro e puider notar como me collía polo brazo con forza, tirando de min, como un lobo famento ansioso por devorar a súa presa. Todo se volveu escuro, e de pronto...

Espertei. Estaba suando, e con moita présa, metínme na ducha. Durante toda a mañá non parei de pensar no soño que tivera. Ata notei, ao meu lado, unha presenza invisible e malvada. Pero aquí non acaba todo, o peor foi despois...

Chegue á casa para xantar, pero antes de nada lin o correo. Unha carta, sen remitente, chegárame hoxe. Cando a abrín, non había nada escrito, só un folio en branco, sen absolutamente nada. Pero cando escribín sen querer no papel, comezaron a aparecer frases, sen xeito ningún: "Quen es?"

Horrorizada, deixei caer o papel no chan. Saín da casa, asustada, e pasei horas camiñando pola cidade, ata que se fixo de noite, pero xa non me atrevía a volver á casa. Seguí camiñando, entre as grandes rúas da cidade, pero unha luz que proviña de non sei onde alarmoume. De súpeto, lembrei o soño, e percorreume un calafrío de pés a cabeza. Sen embargo, unha voz invisible dentro da miña cabeza obrigábame a seguir...

E aquela imaxe quedará gravada na miña mente para toda a vida... Un estraño ser tíñame suxeita por un brazo, e alí, naquel camiño maldito, á luz da lúa chea, morrín a brazos do demo.

Sara Maneiro Rey (2º E.S.O. A)